



ALFONSO R. CASTELAO


ALBA DE GLORIA

ALBA DE GLORIA

Alfonso R. Castelao



ALBA DE GLORIA



Alfonso R. Castelao
ALBA DE GLORIA



© herdeiros de Alfonso R. Castelao, 2018
© Consello da Cultura Galega, 2018
© da introdución, Henrique Monteagudo, 2018
© das ilustracións, Museo de Pontevedra, 2018

PRODUCCIÓN
Editorial Galaxia, S. A.

DESEÑO DA CUBERTA
Hayat Husein

ISBN
978-84-92923-97-7

DEPÓSITO LEGAL

IMPRIME
Gráficas Lasa, S. L.

O papel utilizado neste exemplar é reciclable, libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable dende o punto de vista do medio ambiente.





Algo máis que un discurso

ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO

Presidenta do Consello da Cultura Galega



día 25 de xullo de 1948 Castelao pronunciou o seu derradeiro gran discurso público. Os fados quixeron que fose en data tan propicia á emotividade, diante dunha enfeitizada audiencia de emigrados e exiliados galegos en Buenos Aires que enchía o Teatro Argentino, no festival organizado polo Centro Gallego para celebrar o Día de Galicia. Esa “Alocución Patriótica”, como recolleu *A Nosa Terra* mesmo a seguir e que axiña sería referida co acaído título de “Alba de gloria”, converteuse en algo máis ca un discurso: considerada por amplo consenso peza cimeira da oratoria galega, engade un altísimo valor simbólico por culminar unha actividade pública en que Castelao se distinguiu especialmente, cunha capacidade de convocatoria e de empatía sen parangón, mais tamén porque o pensamento que transmite está na cerna do relato identitario da Galicia contemporánea.

Asumida a derrota, abandonadas as expectativas dun rápido retorno á normalidade democrática e sabedor da súa delicada saúde, Castelao comeza a ser consciente de que nunca volverá á Terra, mais rexeita a prostración dos vencidos: na alborada dese día de festa, con todas as campás de Galicia en leda algarabía, sobrevoa a patria evocando as paisaxes amadas pola concorrência e proclama unha vez máis a confianza na capacidade do pobo galego para rexurdir. “Alba de gloria” é por iso, sobre todo, unha mensaxe de esperanza no futuro.

Con esta nova edición de “Alba de gloria” o Consello da Cultura Galega conmemora o 70 aniversario daquel discurso memorable. A edición coincide no tempo coa exposición *Alba de gloria. Unha experiencia*, que foi inaugurada este mesmo ano, poñéndolle o ramo a toda unha serie de actos programados durante o trienio 2016-2018 para celebrar o centenario das Irmandades da Fala e a súa repercusión na historia da cultura e o pensamento galegos, pois o xenio de Castelao continúa e dá novo impulso ao proceso de constitución dunha simboloxía de noso e de consolidación do imaxinario nacional iniciado por aqueles precursores.

A versión que agora poñemos nas vosas mans parte da publicada ao coidado do autor en xullo do mesmo ano n’*A Nosa Terra*, mais arrequíntase con materiais inéditos custodiados no Museo de Pontevedra, ao que agradece-

mos a dispoñibilidade, tanto para o acceso e edición coma para a reprodución de partes do mecanoscrito con emendas autorais que ilustran este volume. O texto condensa o pensamento de Castelao sobre a contraposición entre a Historia e a Tradición —un *topos* recorrente entre os seus compañeiros de xeración—, de modo que se foi construíndo e refacendo ao longo do tempo, con achegas diversas e numerosas versións. O estudo introdutorio de Henrique Monteagudo ilústranos sobre a xénese da peza e revélanos os aspectos máis salientables desa confrontación, dun lado a Santa Compañía dos inmortais que representan a Historia e doutro a multitude de luciñas, persoas anónimas, que representan a Tradición, esa forza máxica que define e sostén a nosa identidade cultural, ata chegarmos á figura de Alexandre Bóveda, guieiro da compañía de bos e xenerosos e “estrela e bandeira do noso porvir”.

DISCURSO DE CASTELAO NO DIA DE GALIZA DE 1945

Na noite da nosa hestoria ben podemos maxinar unha Santa Compañía de inmortaes galegos, en interminable ringleira. Alí vemos as nobres dinidades e os fortes caracteres de Galiza, coa face ensombrecida e o ánimo caído na terra dos seus pecados e dos seus afáns, agachando ideias tan vellas que hoxe nós nin tansiquera poderíamos comprender e sentimentos tan vivos que son os mesmos que enloitan o noso corazón. Algúns van cobertos con ricos panos e faiscentes armaduras e os máis camiñan descalzos, cos osos plateados pol-a luz astral.

A cabeza de todos vai Prisciliano, o heresiarca decapitado en Treveris afundándose n-un caxoto episcopal coroado pol-a fouce dos druidas, e seguido d-unha numerosa hoste de discípulos. Detrás vemos a Teodosio, o Emperador de Roma, e San Dámaso, o Sumo Pontífice da Cristiandade. A Virxe Eterea, estrordinaria escritora e viaxeira do século IV. Paulo Orosio, discípulo de San Agostiño, autor da primeira hestoria universal. O Bispo Itacio, cronista dos tempos suevos. Pedro Mezonzo autor da Salve Regina Mater, o himno máis sublime do cristianismo. San Rosendo, o fundador de mosteiros. Xelmires, o primeiro Arzobispo de Compostela, que abreu as portas de Galiza á cultura universal i encheu un século enteiro co seu talento político. E detrás de Xelmires camiña Alfonso VII, o Emperador, tal vez fillo seu, e o Conde de Traba e outros varóns esclarecidos d-aquel tempo. Mateo, o meirande artista da Meioevo, que a fins do século XII fixo renacer a esencia da arte grega no seu Pórtico da Gloria. Siguen dispois máis de cen xogares e trovadores, dende Airas Nunes e Paio Gomez Charino, almirante do mar e do amor, até Macias o Namorado, que leva lume no peito. Xohán Rodríguez da Cámara, o esquisito padronés. Inés de Castro, a belida muller galega que reinou en Portugal dispois de morta, e sua irmán Xohana, raíña de Castela n-unha soia noite morna de vrán. Andrade o Bó, prototipo dos Condes sabios e xustos de Galiza, seguido pol-a sua ruin descendencia. Rui Xordo, o irmandiño revolucionario que armou a primeira revolución de carácter social

Museo de Pontevedra. Castelao, 1-20

Alba de gloria: a palabra, a memoria, o monumento

HENRIQUE MONTEAGUDO



intensa actividade pública de Castelao nos seus anos de exilio en Buenos Aires ofreceulle a posibilidade de desenvolver unha faceta que xa exercitara con gran brillantez en etapas anteriores da súa vida: a súa arte oratoria. Unha arte que se proxectara en distintos ámbitos, desde o artístico, o máis frecuentado antes do advento da II República, ata o puramente político, intensamente cultivado nos tempos da República e da Guerra Civil. A súa produción oratoria do exilio bonaerense ten un carácter híbrido, político-cultural, acorde coa nova liña de actuación que el mesmo imprimiu ao galeguismo desterrado, co obxectivo de culturizar nun sentido galeguista as masas de inmigrantes residentes nas dúas metrópoles ás dúas beiras do Río de la Plata para fomentar entre elas a conciencia nacional galega. Nesa liña se inscriben as series de discursos pronunciados nas celebracións que

constituían un ciclo anual de efemérides do galeguismo, ás veces replicados en alocucións radiofónicas (Radio Ariel). As máis importantes eran a conmemoración do plebiscito autonómico (28 de xuño), do Día de Galicia (festa central: 25 de xullo), e do Día de Galicia Mártir (no cabodano do asasinato de Alexandre Bóveda, o 18 de agosto). Outros aniversarios, como os dos mártires de Carral ou do axustizamento de Pardo de Cela, foron conmemorados de xeito menos regular.

A través da súa participación nas devanditas conmemoracións, ao longo da década de 1940 Castelao foi elaborando ano a ano un discurso arredor de tres temas, algún deles tratado en textos ou alocucións anteriores, sobre os que volveu unha e outra vez:

- O significado histórico da *emigración* galega: tratábase de esclarecer se esta era consecuencia dun atavismo étnico que fundía as súas raíces na migración secular dos pobos celtas cara ao occidente, ou ben era unha desfeita para o pobo galego provocada pola opresión centralista.
- A interpretación da *iconografía xacobeá*: el reivindicaba como unha figura tipicamente galega o Santiago *patriarca*, mentres que consideraba europea a representación como *peregrino* e como hispánica a imaxe como *cabaleiro*.

- O contraste entre a *Historia* e a *Tradición*, tema ao que ás veces aparece vencellado o anterior e onde nos imos deter pola súa relación co texto reproducido neste volume.

En efecto, este terceiro tema ten un carácter central no discurso *Alba de gloria*, discurso que constitúe a última das súas alocucións solemnes (aínda que non foi a derradeira das súas intervencións públicas), xusto antes de que a doenza que o levaría á morte o obrigase a renunciar á actividade pública. Esta disertación —exenta do título con que a coñecemos— foi publicada por primeira vez n’*A Nosa Terra* 463, en xullo de 1948, voceiro do galeguismo no exilio que dirixía o propio Castelao, para máis tarde aparecer en folleto independente, editado por Eduardo Blanco Amor co gallo do primeiro cabodano do autor (1951) e finalmente ser inserida ao comezo do Libro IV, engadido na segunda edición, póstuma, de *Sempre en Galiza* (Buenos Aires, 1961). Pero, como veremos, a súa historia comeza bastante antes. Denantes de internarnos na historia do texto comezaremos cun rápido resumo do seu contido, tal como aparece na edición de 1948, que é a que tomamos como base da nosa, polas razóns que máis adiante se explicarán. O discurso comeza cun exordio —que é o que inicialmente ía encabezado co rótulo ALBA DE GLORIA— en que se realiza unha

evocación do abreinte do día da festa do 25 de xullo en Galicia, cunha rápida vista a voo de paxaro das paisaxes do país, desde a serra ata a beiramar, pasando por vales e bocarribeiros, evocación da *terra* que inmediatamente conxura a *saudade*. A seguir, o corpo central do texto —que leva a epígrafe SANTA COMPAÑA INMORREDOIRA— destécese no solemne percorrido da longa procesión da “Santa Compañía de inmortaes galegos”, e, cando esta acaba de pasar, introdúcese unha reflexión —anunciada polo rótulo HESTORIA E TRADICIÓN— sobre a tradición e a historia de Galicia, que arrinca cunha cita do historiador portugués Oliveira Martins, que á súa vez serve de preludio á visión da “infinda moitedume de luciñas e vagalumes [...] ánimas sen nome que crearon o idioma en que vos estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos usos e costumes e, en fin, o feito diferencial de Galiza”. A peza oratoria remata cun epílogo a xeito de envío a “tódolos galegos que residen nesta terra, que para nós é unha segunda patria.”

Noutras versións do discurso —incluíndo a reproducida en *Sempre en Galiza*—, o envío final vai precedido dunha dedicatoria aos “derradeiros mártires” que repouzan nos cemiterios do país, cunha lembranza especial de Alexandre Bóveda, o líder do Partido Galeguista asasinado en agosto de 1936, “estrela e bandeira do noso porvir”. Tendo en conta esta importante variante, imos seguir o

proceso de elaboración do noso discurso, para o cal cómpre ter en conta os seguintes núcleos temáticos:

- a) a tripla *iconografía xacobeá* —un tema que, como dixemos, aparece en ocasións ligado aos que constitúen a cerna de “Alba de gloria”;
- b) a evocación do *abreinte da festa* do Apóstolo / Día de Galiza —o que corresponde estritamente coa parte inicial do discurso;
- c) a *Santa Compañía* dos galegos inmortais;
- d) a reflexión sobre a *Historia e a Tradición*;
- e) a *moitedume de luciñas* que representan o pobo;
- f) a *dedicatoria a Alexandre Bóveda* e aos mártires do 36;
- g) o envío final coa referencia da *nostalxia dos emigrados*.

A XÉNESE DE ALBA DE GLORIA

Para seguir o proceso xenético de *Alba de gloria* cómpre ter en conta unha serie de textos de diverso tipo, algúns éditos e outros inéditos (véxase a lista ao final), que conforman unha cadea bastante complexa. O precedente máis importante é o discurso de Otero Pedrayo, “A significación espiritual do Día de Galiza”, pronunciado no teatro García Barbón de Vigo o Día de Galicia de 1930, no transcurso dun acto de afirmación galeguista en que tamén interviñeran o propio Castelao e Valentín Paz-

Andrade. Máis adiante referirémonos a el; agora centramos a nosa atención nos textos do rianxeiro que forman parte da xenealoxía de *Alba de gloria*. Para facilitarmos o seguimento deste proceso, imos asignarlles un número e, no seu caso, darlles un título:

HESTORIA E ETERNIDADE

Verbas de chumbo 1, 1937

A cadea comeza cun artigo (número 1) que se presenta como primeira entrega da serie que foi publicada durante a guerra no xornal *Nueva Galicia*, baixo a cabeceira *Verbas de chumbo* (1937-1938), parcialmente reproducidos —como é o caso deste texto— en *Nova Galiza*, voceiro dos galeguistas leais á República, que se publicou en Barcelona en 1937-1938. O propósito era reunir a serie nun libro, pero este nunca chegou a publicarse como volume independente, aínda que si que pasaría a incorporarse a *Sempre en Galiza* como Libro I, onde aquela primeira entrega aparece como capítulo II. Neste artigo (número 1), ao longo dunha sucesión de parágrafos breves iniciados coa interrogación “¿Que importa...?” realízase un rápido percorrido pola historia de Galicia, chamando a atención para certos acontecementos, aspectos e personaxes considerados definitorios: os celtas, o monte Medulio, Prisciliano, os suevos, a invención da tumba do Apóstolo, o arcebis-

po Xelmírez, Inés e Xohana de Castro, Feixóo e Sarmiento, Pablo Iglesias... A idea que se desenvolve é a contraposición entre a *Historia* superficial dos grandes persoeiros e os feitos políticos fronte á *Tradición* profunda e imperecedoira acachada no pobo: “Eu renego da hestoria de Galiza, porque o pasado soio nos deixou desilusións de vida [...] eu sóo confío no poder máxico da terra”.

Deste texto inicial derívanse directamente os dous seguintes:

(Número 2) Unha breve salutación pronunciada o 27 de xullo de 1940 na Casa de Galicia de Buenos Aires (“Castelao en Casa de Galicia”, 1940) —cidade a onde o autor arribara poucos días antes fuxindo do seu exilio en Nova York—, que reproduce parte da súa intervención na conmemoración do Día de Galiza no teatro Maravillas da capital porteña.

(Número 3) Outra intervención pronunciada unhas semanas máis tarde, o 18 de agosto de 1940, que recolle practicamente o texto do artigo número 1, ao que engade o seu célebre escrito sobre “o albre”, “a vaca” e “o peixe” (“Na recepción no Centro Galego”, 1940).

VELAÍ UNHA PATRIA

Manuscrito, 1942

Trátase dunha alocución elexíaca pronunciada no funeral cívico na memoria de Alexandre Bóveda, celebrado no

Centro Ourensán. Este texto é unha peza moi importante na cadea que conduce a *Alba de gloria*, pois nel aparece por primeira vez a expresiva imaxe da Santa Compañía dos galegos inmortais, “en triste ringleira de vencidos”. Pero, de momento, a Compañía só está composta por catro persoeiros da Idade Media galega —Diego Xelmírez, Fernán Pérez de Andrade, o Mariscal Pardo de Cela e Macías o Namorado— que aparecen portando cadanseu emblema, pormenor este moi importante, como se mostrará. Velaquí un feliz achado estético, do que Castelao tirará máis adiante un magnífico proveito: as ideas esbozadas nos textos anteriores adquiren unha figuración plástica e simbólica na imaxe da Compañía, unha imaxe tomada do imaxinario popular, que gozaba dunha sólida tradición na literatura galega culta —lémbrese o portentoso poema “Estranxeira na súa patria” de Rosalía de Castro, ou “a procesión de mortos” que desfilan no *Divino sainete* de Curros Enríquez—, á que Castelao inxecta unha significación enteiramente nova.

Neste discurso invócase, tamén por primeira vez, a imaxe da “moitedume infinda de luciñas” que xorde do “humus da terra galega” e que dá pé ao contraste entre a Historia e a Tradición. Non obstante, nesta alocución, tal contraste enfócase cara á necesidade de rectificación do camiño, xa que “a i-alma dun pobo, para ser libre e creadora, ten de vivir encarnada nunha terra soberana”. Segundo

o orador, “non importa que Galiza teña un espírito inmortal” se carece dunha “vontade para existir”, vontade que lle infundiran Antolín Faraldo, Alfredo Brañas e Alexandre Bóveda. A partir deste punto, o discurso céntrase na lembranza deste último, “prototipo de cidadán”, “protomártir da nosa liberdade” e “estrela das nosas esperanzas”.

Nesta oración fúnebre percíbense nitidamente os ecos da proclama proferida por Ramón Otero Pedrayo en 1930, que xa antes evocamos. Dúas imaxes concretas achegan especificamente o noso texto a aquel antecedente: a “moitedume de luciñas a camiñar” e a “estadea das almas” de persoeiros ilustres encabezada polo mesmo Diego Xelmírez. Ademais, na arenga de 1930 estas imaxes xa aparecían mutuamente contrapostas, pois a partir delas o polígrafo ourensán reflexionara sobre o contraste entre “o pobo labrego e mariñeiro que soubo sempre o seu deber”, manténdose “fiel ao espírito”, e os homes da cultura que “esquecían a terra e procuraban un vivir de imitanza”, e por iso mesmo foron “reos do pecado que non se perdoa, do pecado contra o espírito”. A contraposición entre o pobo fiel á tradición fronte aos persoeiros protagonistas dunha historia alienada era un tópico recorrente no discurso da xeración Nós; porén, para Otero a primeira imaxe remitía ás “moitedumes da cristiandade, en procura da nova santa terra”, mentres que a estadea estaba constituída polas almas “sorridentes” dos galegos mortos. Castelao seculariza

a procesión de luceiros e, de acordo coas circunstancias históricas e coa ocasión funeral da súa elexía, muda o ton xubiloso e encomiástico da evocación oteriana por outro grave e reprobatorio. O discurso de Otero Pedrayo continuaría sendo fonte de inspiración para o noso autor, como decontado veremos.

SE NO ABRENTE LUMINOSO DESTE DÍA

Manuscrito, 1945

Nesta versión, escrita para ser proferida o Día de Galicia de 1945, pero que non foi publicada, o texto encamiñase cara á súa fasquía definitiva, aínda que Castelao seguirá retocando a arquitectura da peza e luíndo moitos pormenores. Así, retomando e ampliando a nómina de persoeiros do artigo de 1937 (número 1), o inventario de figuras que forman parte da procesión da Compañía dos galegos inmortais increméntase con personaxes da Baixa Antigüidade e da Alta Idade Media, como o emperador Teodosio, a monxa Exeria ou san Rosendo, e mais con outros da Idade Moderna e Contemporánea, desde os arcebispos Fonseca ata Emilia Pardo Bazán ou Pablo Iglesias. É de salientar que o orador coloque o “heresiarca” Prisciliano á fronte da Compañía, como símbolo da continuidade entre a Galicia pagá e céltica e a Galicia católica e románica, papel previamente outorgado a Xelmírez: se este levaba “o báculo

de ouro que aínda lembra a fouce simbólica dos druídas”, agora Prisciliano camiña “afincándose nun caxato episcopal coroado pola fouce dos druídas”. Así e todo, nesta versión a maior parte dos participantes na procesión da Compañía aparecen espidos de emblemas. Por tanto, neste texto Castelao deu forma á idea de axuntar un elenco de persoeiros históricos para constituír un imaxinario Panteón de Galegos Ilustres —un Panteón onde lucían os talentos que dera Galicia pero que tamén encarnaba as frustracións do país—, reuníndoos nunha Compañía, imaxe esta dotada dun poder visual e simbólico engaiolante. Por remate, despois da sección do texto referida á Tradición (representada pola “moitedume de luciñas”), Castelao tece unha evocación de Galicia en festa vista a voo de paxaro, ecoando novamente a voz de Ramón Otero Pedrayo no seu discurso de 1930.

ALBA DE GLORIA

Finalmente, o discurso vai tomando forma definitiva a través dunha serie de alocucións pronunciadas en 1946/1947 e 1948. Nos manuscritos que recollen as distintas versións do discurso pode comprobarse como Castelao foi ensamblando as distintas seccións do mesmo e experimentado con diferentes ordenacións. Nunha das versións, o texto sobre a tripla significación da iconografía xacobeá apare-

ce integrado no discurso, e este péchase cun envío final a Bóveda. Así, se a versión de 1945 que acabamos de mencionar se organiza na secuencia *Santa Compañía + moitedume de luciñas + dedicatoria a Alexandre Bóveda + abrente da festa*, unha versión posterior, de 1946/1947, está composta pola secuencia *iconografía xacobeá + abrente da festa + nostalxia dos emigrados + Santa Compañía + moitedume de luciñas + dedicatoria a Alexandre Bóveda* (por tanto, esta última anticipa a versión de *Sempre en Galiza*). Entrementres, a versión de 1948 prescinde da iconografía xacobeá para comezar coa evocación de Galicia en festa, introduce unha referencia a Oliveira Martins para abrir o tema *Historia e Tradición* e engade ao final, como remate, un envío aos emigrados, que substitúe a dedicatoria a Alexandre Bóveda.

UNHA ORACIÓN PATRIÓTICA EN TRES TEMPOS

Como dixemos, na versión publicada en 1948, da que se parte no presente volume, a alocución atópase dividida en tres seccións, precedidas por cadansúa epígrafe. A sección inicial, ALBA DE GLORIA, constitúe unha especie de exordio, mentres que a central, SANTA COMPAÑA INMORREDOIRA, está en contraposición coa terceira, HISTORIA E TRADICIÓN. O envío final diríxese directamente ao auditorio. A sección primeira, como suxire o seu título, sitúanos ante unha alborada,

durante a cal se realiza un percorrido por terras galegas. Xa no parágrafo inicial se ofrece un alarde tanto de imaxinaría como de sonoridade: “As planuras de Lugo inzadas de bidueiros”, “as rías oureladas de piñeiras”, “a costa onde o mar tece encaixes de Camariñas”, “o grave son da Berenguela”, “a muiñeira de campás repenicada nas torres do Obradoiro”, “a procesión de dinidades mitradas e ornamentos maravillosos, de brocados e ouros, con chirimías e botafumeiro”, “o troupeleio dos cabalos astraes”... Neste parágrafo aparece tamén unha combinación de símbolos cristiáns e pagáns: o Pico Sacro como altar votivo da terra-nai, o pan e o viño eucarísticos e o carro de Apolo.

Deste xeito, o significado cristián da festividade é transcendido, xa que a festa ten carácter “étnico” e probablemente sexa “filla dun culto panteísta anterior ao Cristianismo”, co cal se subliña o seu presunto carácter transhistórico. O exordio remata cun parágrafo anticlimático, que contén unha apelación intensamente sentimental ao auditorio, unha audiencia de emigrados e desterrados que nese momento se deixa asolagar pola nostalxia. Unha acaída cita de Luís de Camões ponlle a seguir cabo á sección.

Comeza a seguinte, SANTA COMPAÑA INMORREDOIRA, e, de súpeto, cae a noite, como deixara dito Rosalía, “cos seus loitos tristísimos”. Pero se a noite do poema rosaliano é a escuridade do Eu, a do discurso de Castelao é a noite da

Historia. Contra o escuro pano de fondo da noite contemplamos a “interminable procesión de inmortaes galegos”, avanzando “en silencio, coa faciana en sombra e o mirar caído na terra”. Nas ringleiras iniciais, a Estadea escintila cunha luz case cegadora. As vestimentas e atributos que portan os penitentes que encabezan o cortexo tremelocen de luxosos resplandores: os panos son ricos, as armaduras faiscentes, os ósos brillan prateados polo fulgor astral, a túnica de Exeria é de branco liño, a lámpada de Idacio de nobre bronce, hai unha arqueta de marfil, una coroa de ouro e pedrarías, esporas douradas, bandexas arxénteas, un aurifulxente cortexo de mitrados e cóengos, unha animada grea de xograres e trovadores, “todos con lumes no peito”.

Porén, conforme avanzamos no tempo histórico, vaise producindo unha degradación da luminosidade e os tons comezan a empardecer. Ponse de vulto, pois, cal foi o período áureo da historia de Galicia, a “Idade de Ouro” soñada por Castelao. A transición cara á decadencia márcana as “bestas negras” que montan os señores tardo-medievais, ás que aínda lles serve de contrapunto o “facho de palla acesa” que porta Roi Xordo, pero este representa a derradeira labarada da Idade de Ouro, pois, como reza o texto, “eiquí comeza a decaer a categoría do fúnebre cortexo”. Ao final da Idade Media minguan os luxos, que están totalmente ausentes das idades posteriores. Asemade, a variedade e

riqueza dos obxectos simbólicos que levan os persoeiros decae visiblemente, ao igual que se van reducindo os cortexos de acompañantes e o tamaño dos grupos humanos. Só os poetas do Rexurdimento, “todos con estrelas sobor das súas frentes”, volverán raiolar con luz propia.

Por tanto, na versión publicada en 1948, o texto foi sometido a unha profunda reelaboración, desenvolvendo e aplicando de xeito sistemático o procedemento que Castelao utilizara no texto número 4, de xeito que a sección central, a SANTA COMPAÑA, experimenta unha considerable amplificación, tanto polo número de personaxes incluídos como porque a imaxe física de cada un deles aparece reforzada mediante a referencia ás súas vestimentas, aos obxectos que portan ou a outros elementos. Estas referencias resultan ao mesmo tempo ornamentais —reforzando a espléndida calidade visual do texto— e cargadas de simbolismo, potenciando con grande eficacia a carga icónica do texto.

Deste xeito, o orador consegue individualizar nitidamente cada unha das figuras e obtén un cadro de conxunto grandioso, dunha riqueza plástica magnífica e dunha densidade ideolóxica impar. Está claro que Castelao tiña o propósito de recrear un Panteón de Galegos Ilustres —que nunca falta nos imaxinarios nacionais—, para reivindicar e divulgar unha serie de figuras esquecidas ou malinterpretadas pola historiografía oficial española e para deixar pa-

tente que os galegos temos de quen sentirnos orgullosos. Pero, por outra banda, este Panteón aparece ao contraluz dos seus propios fracasos e renunciadas, representando unha Historia “fanada” contraposta á Tradición “de valor imponderábel”, en que se funden o Pobo e a Terra.

A terceira sección do discurso, HESTORIA E TRADICIÓN, atópase construída en arquitectura paralelística, en xogo coa iteración, recurso característico da prosa do noso autor. O elemento central é “a infinda moitedume de luciñas e vagalumes que son...”, elemento que aparece reiterado mediante repetición literal ou mediante sinónimos: “Esas animas sen nome son as que...” / “Elas son as que...” / “Elas son as que...” / “Esta infinda moitedume de luciñas e vagalumes representa...” O final do parágrafo tamén se articula mediante un coidadoso paralelismo construtivo entre series trimembres, e replicado no interior de cada unha delas, e péchase o parágrafo coa repetición derivativa *fomos / somos / seremos* e a iteración conclusiva *sempre, sempre, sempre*:

os legados múltiples *da tradición* — o pobo, *que nunca* nos traicionou / o que fomos — sempre
 os xermes incorruptibles *da raza* — a enerxía colectiva, *que nunca* perece / o que somos — sempre
 as fontes enxebres *do xenio* — a esperanza celta, *que nunca* se cansa / o que seremos — sempre

Finalmente, cómpre chamar a atención sobre a aparición do *lume* nas dúas versións do envío final da peza, isto é, tanto na dedicación a Alexandre Bóveda (como na versión de *Sempre en Galiza*), canto na apelación á audiencia de emigrantes (no discurso proferido en 1948). Un lume cargado de connotacións simbólicas que debe identificarse, ao xeito de Vicente Risco, coa forza do espírito. Na dedicatoria a Bóveda figúrase unha *fogueira* en cada cemiterio, e no de Pontevedra unha *labarada*, que era o *lume do espírito* de Bóveda. Na despedida aos emigrados *a fogueira do espírito* é convocada para quentar as vidas dos oíntes, e *a fogueira do lume* os seus *fogares*. Pasamos así dun xogo de luz e sombra ao longo do texto, a unha referencia final ao lume coa súa calor vivificadora.

Para incorporar o texto ao que acabaría sendo Libro IV de *Sempre en Galiza*, Castelao empregou unha estratexia ensaística aplicada reiteradamente nese magno ensaio para integrar nel textos de distinto tipo e procedencia. O autor finxe que vai escribindo a peza na viaxe de volta desde París (onde exercera como ministro do Goberno republicano no exilio) a Buenos Aires: así, na alborada do 25 de xullo de 1947 lembraría nun hotel de Marsella a primeira parte do discurso de Otero Pedrayo de 1930; despois, nunha visita á catedral da cidade mentres esperaba o embarque, cavilaría sobre a tripla significación da iconografía xacobeá; e, finalmente, navegando polo Mediterráneo,

imaxinaría a Santa Compañía de galegos inmortais e a “infinda moitedume de luciñas e vagalumes”, para rematar coa visita devota aos cemiterios de Galicia e a evocación de Alexandre Bóveda.

Esta versión, se cadra a máis coñecida, conserva moitas das extraordinarias calidades estéticas do discurso pronunciado en 1948, pero, ao converterse en pura prosa de ensaio, o texto perde o seu carácter oratorio, e, con el, unha parte da súa intensidade emocional, do seu alento ilocutivo e da súa forza interpelante. É mágoa que no discurso de 1948, o autor, talvez movido por consideracións de oportunidade política, prescindise da conmovedora evocación de Alexandre Bóveda (véxase máis adiante).

A versión estampada en 1948 foi a que serviu de base para a publicada por Eduardo Blanco Amor, responsable editorial do folleto dado ao prelo en 1951 por iniciativa da Comisión de Cultura do Centro Gallego de Buenos Aires, que dirixía Luís Seoane. Nunha acertada decisión, Blanco Amor elevou a título do conxunto da peza o que na intención de Castelao era unicamente o rótulo da súa sección inicial, o cal, por outra banda, o obrigou a eliminar os encabezados das seguintes seccións. A partir de aí, o texto pasou a ser coñecido con ese título: *Alba de gloria*. Esta feliz intervención do escritor ourensán foi determinante para a popularización do texto e tamén para a súa canonicación como peza referencial do galeguismo.

CASTELAO, ENTRE A HISTORIA E A TRADICIÓN

Como dixemos, a alocución constitúe unha plasmación plástica e retórica do lema que identificaba a Patria coa “terra e os mortos”, segundo a coñecida expresión do escritor e ideólogo francés Maurice Barrès. Así, como antes observamos, no exordio asistimos a unha explícita vindicación da sacralidade da *Terra* (o Pico Sacro como altar votivo da terra-nai), pero agora queremos chamar a atención sobre o tratamento que se dá no texto ao outro elemento da ecuación barresiana: *os mortos*.

Primeiro, contemplamos o desfile dunha procesión de defuntos individuais, “as nobres dinidades e os fortes caracteres que dou Galiza no decorrer da súa hestoria”, pero o discurso atinxe o seu clímax cando a comitiva dos inmortais galegos acaba de pasar para perderse “na espesura dunha floresta lonxana” e de súpeto vemos “xurdir do humus da terra-nai”, “unha moitedume infinda de luciñas, que son os seres innominados que ninguén recorda xa, e que, xuntos, compoñen o *subtractum* insobornable da nosa Patria”. Unha constelación de luciñas que “son o pobo, que nunca nos traicionou; son a enerxía colectiva, que nunca perece; son, en fin, a esperanza celta, que nunca se cansa”.

Como xa adiantamos, a dicotomía *Historia / Tradición*, fulcral no noso texto, é clásica do seu discurso e dos inte-

lectuais da súa xeración. Se como o orador afirma “os mortos da Historia reviven e mandan sobre os vivos”, o certo é que ningún dos grandes homes que figuran na Compañía, nin todos eles xuntos, nas súas palabras “foron capaces de erguer a intransferíbel autonomía moral de Galiza á categoría de feito indiscutíbel e garantido”. Pero, proclama, “afortunadamente, Galiza conta, para a súa eternidade, con algo máis ca unha Historia fanada, conta cunha Tradición de valor imponderábel”. A idea é contrapor a cronoloxía dos grandes personaxes, os fitos políticos e as fazañas militares, co curso escuro e silandeiro da vida intrahistórica do pobo, o impersoal relato escrito da historia coa entrañable memoria colectiva oral, a literatura e a arte individuais coa anónima artesanía das xentes, a traxectoria artificial do estado e a *civilización* co fluír natural do pobo e da *cultura*. Doutro xeito, o tempo lineal e progresivo da civilización contemporánea coa intemporal transcendencia das culturas tradicionais.

A contraposición xa fora formulada pola xeración española do 98, pois a noción de *tradición* é claro trasunto da ‘intrahistoria’ unamuniana, mutación do *Volksgeist* herderiano; pero esta noción cobraba o seu sentido específico no marco do nacionalismo español que se insurxía contra o declive do caduco Estado español, clamando pola súa rexeneración. No caso galego, a contraposición servía para reivindicar unha nación negada pola historia, que carecía

dese relato ou, peor aínda, que posuía o relato dunha decadencia histórica máis ca dun progreso. No noso texto talvez, máis sutilmente, o que no fondo pretendía o orador era ir elaborando un relato histórico prestixiador a base de esculpir un Panteón de Galegos Ilustres, por tanto, ao fío da reivindicación dunha serie de persoeiros ignorados pola maioría dos galegos, ao tempo que se lexitimaba a personalidade nacional de Galicia en nome do pobo e da cultura.

Retomando un tema que xa aparecera en versións anteriores —pero non na de 1948—, ao remate da versión última do texto —a contida en *Sempre en Galiza*—, na dedicatoria final, Castelao introduce unha creba no discurso. Lembra os inmolados pola represión fascista na Galicia do 1936-39 e individualiza un: Alexandre Bóveda. Unha vez que a multitude de luciñas se perde de vista, reza o autor:

A miña saudade aínda quixo visitar devotamente os moitos cemiterios de Galiza, onde durmen os derradeiros mártires da Liberdade, en número incontable. A miña imaxinación veu unha fogueira en cada cemiterio, como outros tantos clamores de xustiza. Pero no de Pontevedra veu unha labarada que chegaba até o ceo. Era o lume do espírito de Bóveda, que non figura na Santa Compañía dos inmortaes, porque non pertence á Hestoria, senón á Tradición, en aru-

me de lenda. Bóveda terá de ser nun mañán próximo ou lonxano a bandeira da nosa Redención.

Bóveda, proclama Castelao, non pertence á Historia, senón á Tradición. Agora, a interrogación que nos asalta ao remate desta vibrante oración é: Como se vía Castelao a si mesmo? Figurando nas ringleiras da Tradición ou nas da Historia? Propoñemos ler esa especie de envío final como unha suxestión de que os mártires do 36, e particularmente Bóveda, viñan suturar a fenda entre a Historia e a Tradición, viñan reconciliar unha con outra, abrindo así o camiño dunha “Historia futura” (son palabras súas), nova, por canto non viña ser unha simple prolongación da historia pasada que o orador rexeitaba.

Máis aínda, temos a impresión de que o propio Castelao se atribuía tamén a si mesmo o papel que no discurso asigna a Bóveda. Será que o noso autor se propuxera precisamente a misión de elevar a Tradición galega á categoría de Historia —dunha nova Historia? Na mesma pregunta remoeu o gran Blanco Amor, que tamén suxeriu unha resposta na oración funeral que pronunciou no primeiro cabodano de Castelao (1951): “A túa sombra luminosa engádese á Santa Compañía que evocaches, que convocaches, nas túas verbas finais. Guíanos desde ela”.

BIBLIOGRAFÍA

ALBA DE GLORIA. VERSIÓNS PUBLICADAS

- “Conmemorando O Día De Galiza. Alocución Patriótica de Castelao”, *A Nosa Terra* 463, VII-1948, 1-2.
- Alba de Gloria* (edición de Eduardo Blanco-Amor). Buenos Aires: Edicións Galicia, 1951.
- Sempre en Galiza*. Buenos Aires: As Burgas, 1961 (2ª edición), pp. 425-431.
- De viva voz. Conferencias e discursos* (edición de Henrique Monteagudo). Santiago: Fundación Castelao, 1996, pp. 293-300.
- Obras*, vol. IV (edición de Henrique Monteagudo). Vigo: Galaxia, 2000, pp. 546-556.

ALBA DE GLORIA. A XÉNESE

- Ramón Otero Pedrayo: “A siñificación espritoal do Día de Galiza”, *Nós* 80 (15-VII-1930), pp. 152-154. Reproducido en *Discursos pronunciados o Día da Galiza no mitin celebrado no Teatro García Barbón de Vigo*. Vigo: Edicións do Grupo Autonomista Galego, 1930, pp. 7-15.
1. Castelao: “Verbas de chumbo, I”, *Nueva Galicia* 15, 29-III-1937. Reproducido co título “Hestoria, Eternidade”, en *Nova Galiza* 16, III-1938.
 2. “Castelao en Casa de Galicia”, *Abrente. Revista Galega* 1, 25-VII-1940. Véxase Castelao, *Obras*, vol. IV, pp. 399-400.
 3. “Na recepción do Centro Galego”, *Galicia* (Buenos Aires) 331, VIII, 1940. Véxase Castelao, *Obras*, vol. IV, pp. 401-412.

4. “Discurso de Castelao no Funeral Cívico a Bóveda no Centro Orensano” (1942), *pro ms.* Véxase Castelao, *Obras*, vol. IV, 465-468.
5. Castelao: “Discurso pronunciado no Día de Galiza de 1945”, *pro ms.* Véxase Castelao, *Obras*, vol. IV, 517-520.
6. “Discurso pronunciado no Día de Galiza” (1946-47?), *pro ms.* Véxase *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*, pp. 293-300, e *Obras*, vol. IV, pp. 545-552.
7. “Los actos de las jornadas gallegas en conmemoración del Día de Galicia”, en *Galicia. Revista del Centro Gallego* (Buenos Aires) 427, VIII-1948, 13-26, véxase *Obras*, vol. IV, pp. 553-556.

OUTROS ESTUDOS SOBRE CASTELAO E ALBA DE GLORIA

- Azaustre Galiana, Antonio (1989). “Retórica da reiteración no discurso de *Sempre en Galiza*”, en Justo G. Beramendi e Ramón Villares (eds.), *Congreso Castelao*, 2 vols. Santiago: Universidade, vol. 2, pp. 353-378.
- Beramendi, Justo G.; Máiz, Ramón (1992). “O pensamento político de Castelao”, en *Sempre en Galiza. Edición crítica*. Santiago: Parlamento de Galicia / Universidade, pp. 69-143.
- Blanco Amor, Eduardo (1986). *Castelao escritor*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Monteagudo, Henrique (1996). “Estudio introductorio”, en Alfonso D. Rodríguez Castelao, *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*, pp. LXXX-LXXXIX.
- (2002). “Aínda sobre o ensaísmo castelaiano: a triple significación da iconografía xacobeá”, en Ramón Lorenzo (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela - Facultade de Filoloxía, pp. 211-22.
- (2004). “Alba de gloria / A significación espiritual do día de Galicia: tecido dun texto”, en Rosario Álvarez e Antón

- Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. [A Coruña:] Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 553-575.
- (2015). “Castelao en Buenos Aires (1940-1959) I e II”, *Grial. Revista Galega de Cultura* 207, 134-141 e 208, pp. 124-131.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (2016). “Emigración e exilio en Alfonso R. Castelao: da ‘moura fartura’ á Galiza ideal”, en *O soño da Galiza ideal*. Vigo: Galaxia, pp. 153-195.
- Paz-Andrade, Valentín (2012). *Castelao na luz e na sombra*. Vigo: Galaxia, pp. 591-628.
- Seixas Seoane, Miguel Anxo (2018). *Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao. Biografía dun construtor da nación*, 4 vols. Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, vol. III (1940-1950).
- 64 personaxes do Alba de gloria de Castelao. Crónica dun destino*. Sada: Seminario Sargadelos, Edicións do Castro, 1997.
- Villares, Ramón (2018). *Fuga e retorno de Adrián Solovio: sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*. Vigo: Galaxia.



ALBA DE GLORIA

Ao frente vai Paisiliana.
 Siguen a Paisiliana.
 Detrás veñen dous magnates
 Ollamos despois unha igreixa de moitos esclarecidos.
 Detrás aparece Xelmires
 Após do perduto ven ~~sefmas~~ III
 Siguen ao Emperador
 Ollamos despois os moços letrados, en longa fileira
 Van detrás o mestre Mateo
 Aparece desguada unha montedume de xopas e trobados
 Ali reconecemos a Derrubido de Donaval
 Non tardan en aparecer as dúas belidas e ~~esportadas~~ irián
 Vénen despois os moitos varinos atoueiros
 Como gregos singular entón o marcial
 Tamén veñen os feudais e clericiátiens
 Detrás dos magnates ven a pé o cruceiro Vaso de Ponte
 E desguada reconecemos a imponente tropa dos inauditos.

Museo de Pontevedra. Castelaio, 1-28



e no abrente deste día poidéramos voar sobor da nosa terra e percorrela en todas direicións, abrangueríamos o portento dunha mañán única. Dende as outas planuras de Lugo, inzadas de bidueiros, até as rías mainas de Pontevedra, oureladas de piñeiras; dende as serras nutridas do Miño e a gorxa montañosa do Sil até a ponte de Ourense, onde se peitean as augas de entrambos ríos; ou dende os cabos da costa brava da Cruña, onde o mar tece encaixes de Camariñas, até o cume do Santa Tegra, que vence coa súa sombra os montes de Portugal, por todas partes xurde unha alborada de gloria.

O día de festa comeza en Sant-Iago. A Berenguela tanxe o seu grave sino de bronce para anunciar a festividade do Apóstolo, e deseguida comeza unha muiñeira de campás, repenicada nas torres do Obradoiro, que se comunica a tódolos campanarios da cibdade. Pero hoxe anuncia algo máis

que unha festa litúrxica no interior da Catedral, con dinidades mitradas e ornamentos de brocado, con chirimías e botafumeiro, capaz de dar envexa á mesma Basílica de Roma. Hoxe as campás de Compostela anuncian unha festa étnica—filla cicais dun culto panteísta anterior ao Cristianismo—que ten por altar a terra-nai, simbolizada no Pico Sagro, por cobertura o fanal inmenso do universo e por lámpada votiva o sol ardente de xulio, o sol que madura o pan e o viño eucarísticos. Por eso a muiñeira de campás, iniciada en Compostela, vai rolando por toda Galiza, de val en val e de coto en coto, dende os campanarios pimpantes da beiramar até as espadañas homildes da montaña. E o badaleo rítmico das campás, de tódalas campás de Galiza, en leda algarabía, semella o troupeleo dos cabalos astraes que veñen pola volta celeste turrando do carro de Apolo, que trai luz e calor ao mundo en sombras... Hoxe é o Día de Galiza, e así comeza!

Hoxe é a festa maor de Galiza, a festa de tódolos galegos. Pero ninguén pode sentila coma nós, os emigrados; porque en tal día coma este reviven as lembranzas acumuladas, e na moita distancia agrándase o prodixio da Patria. Hoxe a nosa maxinación anda por alá, en festa de saudades. E dispois de evocar o repique matutino das campás, poderíamos evocar, igoalmente, hora a hora e minuto a minuto, tódolos lances xubilosos do Día, escoitando as cántigas montañesas e mariñeiras que van para Compostela, vendo a nosa terra embandeirada de azul e branco, con músicas, gaitas, pandeiros,

aturuxos e foguetes... Pero eu non sería capaz de resistir as alegrías que sóio están no recordo, na evocación e na lonxanía, porque como dixo un gran poeta da nosa estirpe:

*Sen ti perpetuamente estou pasando
nas mores alegrías, mor tristeza.*

[SANTA COMPAÑA INMORREDOIRA]



erá mellor evocar algo irreal, algo puramente imaxinario, que co seu simbolismo nos deixe ver o pasado para proveito do futuro. Podemos imaxinar, por exemplo, unha Santa Compañía de inmortaes galegos, en interminable procesión. Alí veremos as nobres dinidades e os fortes caracteres que dou Galiza no decorrer da súa hestoria. Todos camiñan en silencio, coa faciana en sombra e o mirar caído na terra dos seus pecados ou dos seus amores, agachando ideas tan vellas que hoxe nin tan siquera poderíamos comprender, e sentimentos tan perennes que son os mesmos que agora bulen no noso corazón. Algúns van revestidos con ricos panos e faiscentes armaduras, e os máis deles camiñan descalzos e nus, cos ósos prateados polo fulgor astral.

Ao fronte de todos vai Prisciliano, o heresiarca decapitado, levando a súa propia caveira nunha arqueta de marfín

e afincándose nun longo caxato, que remata coa fouce dos druídas, a modo de báculo episcopal. Siguen a Prisciliano moitos adeptos, varóns e mulleres. Detrás veñen dous magnates, que cicais sexan: Teodosio, o grande Emperador de Roma, e San Dámaso, o Sumo Pontífice da Cristiandade, seguidos ambos por unha hoste de soldados e cregos. Ollamos dispois unha ringleira de mortos esclarecidos, portando atributos da súa dinidade ou profesión. Alí recoñecemos á pelengrina Eteria, con túnica de branco liño e camiñando con arfado compás; ao hestoriador Paulo Orosio, o discípulo de San Agostiño, cun rolo de pergameos na man; ao bispo e cronista Itacio, que alumea o camiño cunha lámpada de bronce; a San Pedro de Mezonzo, o autor da *Salve Regina Mater*, o cántico máis sublime da Eirexa, cunha fragante azucena nos beizos; ao fundador San Rosendo, que sostén liturxicamente a custodia do noso escudo tradicional; a moitos outros. Detrás aparece Xelmírez, o primeiro Arzobispo de Compostela, revestido de pontifical, con aurifulxente cortexo de mitrados e coengos. Após do perlado vén Alfonso VII o Emperador, con cetro na destra, espada na sinestra e coroa de aura e pedrarías nas sens. Siguen ao Emperador o Conde de Traba e demáis vultos da soberba feudal de Galiza. Ollamos dispois aos monxes letrados, en longa fileira, con velas acesas e libros abertos. Vén detrás o mestre Mateo, co *Apocalipsis* debaixo do brazo, encabezando unha grea de arquiteitos e imaxineiros que portan as ferramentas das súas artes.

Aparece deseguida unha moitedume de xograres e trobadores, en mestura de tipos e atavíos. Algúns semellan ter sido monxes, outros calzan esporas de ouro en sinal de que foron cabaleiros e os máis deles van esfarrapados, con vellas cítaras, laúdes e zanfonas ao lombo. Alí recoñecemos a Bernaldo de Bonaval, Airas Nunes, Eanes do Cotón, Pero da Ponte, Pero Meogo, Xohán de Guillade, Meendiño, Xohán Airas, Martín Codax, Paio Gomes Charino, Macías o Namorado, e tantos outros, todos con lume no peito. Non tardan en aparecer as dúas belidas e infortunadas irmáns, Inés e Xohana de Castro —a que reinou en Portugal dispois de morta e a que foi raíña de Castela nunha soia noite morna de vran—, como dúas rosas murchas, levando en bandexas de prata as coroas do seu efímero reinado. Veñen dispois os moitos varóns altaneiros de Galiza, os señores feudaes, que non souperon vivir en paz nin consigo mesmos; todos montados en cabalos negros, dende Andrade o Bo, seguido polo porco heráldico ou totémico da súa casa, até o valente Pedro Madruga, que leva o puñal da traición espetado no peito. Como grupo singular destácase Pardo de Cela e os seus compañeiros de marteiro, inxustamente decapitados, que portan con entrambas mans as cabezas aínda frescas, que deitan sangue e piden xusticia. Tamén vemos aos feudaes eclesiásticos, antre eles aos Arzobispos Fonseca —pai, fillo e neto—, que levan unha mula cangada coas obras de Erasmo. Detrás dos magnates vén a pé o

cronista Vasco da Ponte. E deseguida recoñecemos a imponente tropa dos irmandiños, todos con bisarmas e fouces mangadas en paus, levando por abandeirado a Rui Xordo, que sostén en outo un facho de palla acesa e fumeante.

Eiquí empeza a decaer a categoría do fúnebre cortexo, como decaeu Galiza ao trocarse en pobo sometido. Pero aínda se ven moitas individualidades poderosas, como Sarmiento de Gamboa e os Nodales, que camiñan xuntos, portando astrolabios, atlas e cunchas estranas; ao filósofo Sánchez, con muceta de Doutor; aos Virreis de Nápoles e das Indias, Condes de Lemos e Monterrei, que serviron lealmente a quen non merecía ser servido; aos Embaixadores filipescos, Zúñiga, de Castro e Gondomar, que inutilmente derrocharon talento, sabiduría e arte diplomática; aos escultores Moure e Ferreiro, xunto cos arquiteitos Andrade e Casas e Nóvoa, que ceibaron de cadeas a nosa oprimida orixinalidade; ao Padre Sarmiento e o Padre Feixóo, que remediaron o atraso cultural de Hespaña coa súa erudición e o seu xenio enciclopédicos. Vén axiña Nicomedes Pastor Díaz, coa súa lira de nácar, abrindo a renascencia literaria de Galiza, seguido polos poetas Añón, Rosalía, Pondal, Curros, Lamas e moitos outros, todos con estrelas sobor da fronte; os hestoriadores Vicetto, Murguía e López Ferreiro; os patriotas Faraldo e Brañas; a pensadora Concepción Arenal; a escritora Pardo Bazán; e, por fin, o gran Don Ramón, aínda non ben descarnado...

[HESTORIA E TRADICIÓN]



n canto a Santa Compañía dos inmortaes se perde na revolta dun camiño, detrás dun pinal, vemos xurdir do humus da terra-nai, saturada de cinzas humáns, unha moitedume infinda de luciñas, que son os seres innominados que ninguén recorda xa, e que, xuntos, compoñen o *substractum* insobornable da nosa Patria. Esas ánimas sen nome son as que crearon o idioma, a cultura, as artes, os usos e costumes, o feito diferencial de Galiza. Elas son as que humanizaron a nosa terra patria infundíndolles a tódalas cousas que na paisaxe se nos amostan o seu propio espírito, co que pode dialogar o noso corazón antigo e panteísta. Elas custodian no seo da terra os legados múltiples da tradición, os xermes incorruptibles da nosa futura hestoria e as fontes enxebres do noso xenio. Esas luciñas son o pobo, que nunca nos traicionou; son a enerxía colectiva, que nunca perece; son, en fin, a esperanza celta, que

nunca se cansa. Esta moitedume de luciñas representa o que fomos, o que somos e o que seremos sempre.

Esta evocación vai dirixida a tódolos galegos; pero no día de hoxe, eu e a maoría dos galegos que me escoitan, temos a obriga de percorrer devotamente os cemeterios de Galiza, onde repousan os derradeiros mártires, en número incontable. A nosa imaxinación verá unha fogueira en cada cemeterio, como outros tantos clamores de xusticia. Pero no de Pontevedra verá unha labarada que chega até o ceo. Esta é a chama do espírito dun gran galego que non figura na Santa Compañía dos inmortaes, porque non pertence á hestoria, senón á tradición. Este é o lume do espírito de Alexandre Bóveda, estrela e bandeira do noso porvir.

Velaí o que eu quería dicir neste Día de Galiza, en louvor da nosa Tradición, por riba da nosa Hestoria, a tódolos galegos que residen nesta terra, que para nós é unha segunda patria. E nada máis, amigos e irmáns.

Que a fogueira do espírito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quentar os vosos fogares.

Bos Aires, 25 de xullo de 1948

DISCURSO DO DIA DE GALIZA

O Día de Galiza confúndese co día do Apóstolo Sant-Iago por ser a mellor afirmación do noso universalismo. O seu carácter relixioso provén do misticismo cabaleiresco da Edade Meia, francamente europeo e occidental. O seu carácter patriótico provén da ofensiva oito veces secular, iniciada en Galiza, ^{E o seu} por desinio europeo, contra o Islam. ~~Seu~~ carácter civil e cultural provén da confluencia dos camiños de Europa en Compostela e da irradiación do xerme de Galiza a través d-eses mesmos camiños. Tamén se poden sinalar tres polos espirituais a esta festividade -o europeo, o hispano e o galego-, que se revelan nos tres elementos distintivos da devoción xacóbea, a saber: o roncel estrelecido que guiou aos pelengrins, o emblema cruciforme que usaban os cabaleiros santiaguistas e a cuncha purificadora e testifical que os romeiros recollían nas praias galegas. Pero a triple significación d-este Día márcase máis nítidamente nas tres formas iconográficas do Apóstolo Sant-Iago:

Europa representouno a semellanza dos pelengrins; ~~con~~ ^{con} esclavina e chapeu cobertos de cunchas-vieiras; un bordón na man dereita, un libro na esquerda, descalzo e en sítitude de andar, tal como se vé no cume da Tour Saint Jacques de París, e modo de Santo protector dos camiños.

Hespaña representouno a semellanza dos guerreiros da Reconquista; montado n-un cabalo branco ~~xxxxxxx~~ e brandindo unha espada, terror de sarrecenos, que xacen derrubados no chan. Este é o Sant-Iago Matamouros, que se venera nas eirexas hispanas, e modo de Patrón providencial.

E Galiza representouno a semellanza dos patriarcas; sentado, en maxestade; un bastón na man esquerda, un pergameo na dereita, a cabeza erguida, os ollos enfiados no ifoto Occidente e os beizos a repetiren aquel psalmo de David:

"No mar están os teus camiños e nas moitas augas as túas sendas". Así o repre-
sentou e así o esculpeu o mestre ~~xxxxxxx~~ ^{Mateo no Pórtico} da Gloria, para recibir aos antigos visitantes da súa Casa e decirlles que o mundo non acababa en Galiza.

Estas tres advocacións do noso Señor Sant-Iago -o pelengrín, o guerreiro

O texto de *Alba de gloria* que ofrecemos reproduce o do discurso pronunciado por Castelao o 25 de xullo de 1948, texto do que se coñecen diversas variantes, a primeira delas a publicada naquela altura no número 463 de *A Nosa Terra*. A nosa edición recupera a que se ofrece no volume IV das *Obras* de Castelao (ao coidado de Henrique Monteagudo, Galaxia, 2000) e que se basea tanto nas versións xa publicadas como nos mecanoscritos, ata entón inéditos, custodiados no Museo de Pontevedra. A nosa intervención limitouse a limpalo de grallas e retocar miúdos pormenores lingüísticos. Non obstante, en coherencia co criterio divulgativo seguido na exposición homónima que inspirou esta edición, actualizamos a forma "groria" do título orixinal.

ÍNDICE

Algo máis que un discurso

ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO 9

Alba de gloria: a palabra, a memoria, o monumento

HENRIQUE MONTEAGUDO..... 13

ALBA DE GLORIA 39

Santa Compañía Inmorredoira 44

Hestoria e Tradición..... 48



Esta edición
de *Alba de gloria*,
de Alfonso R. Castelao,
rematouse de imprimir
o día 14 de decembro de 2018

